

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI JOSÉ GARCÍA GARCÍA
CURSO: 3º ESO
MATERIA: ÁMBITO SOCIO-LINGÜÍSTICO
DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DATA: 13/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

No 1º Trimestre e 2º trimestre, valorarase se o/a alumno/a

Lingua Galega e Literatura

1. Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos. **(CCL)**
2. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. **(CAA)**
3. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica, castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. **(CCL e CAA)**
4. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas, resumos e de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais. **(CCL e CAA)**
5. Busca e asimila o significado de palabras e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario. **(CCL e CAA)**
6. Comprende e interpreta textos propios do ámbito académico, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas. **(CCL e CSC)**
7. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados e redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seu escritos. **(CCL e CAA)**
8. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso. **(CCL, CSC)**
9. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais. **(CCL e CAA)**
10. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras e crea palabras novas utilizando os procedementos de creación. **(CCL e CAA)**
11. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia. **(CCL e CSC)**
12. Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso. **(CCL)**
13. Identifica as distintas épocas e períodos da Literatura Galega desde as súas orixes na Idade Media. **(CCL)**
14. Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega da Idade Media, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e

sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. **(CCL)**

Lingua Castelá e Literatura

1. Comprende, interpreta, valora e produce textos orais de diferentes tipos en relación co ámbito de uso e a súa finalidade. **(CCL)**
2. Comprende, interpreta, valora e produce en soporte papel ou dixital, textos escritos de diferentes tipos en relación co ámbito de uso e a súa finalidade. **(CCL e CAA)**
3. Planifica, produce e revisa os textos con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas gramaticais, ortográficas e tipográficas. **(CCL e CAA)**
4. Coñece, usa e valora a importancia das normas ortográficas, gramaticais e de uso da lingua. **(CCL)**
5. Recoñece, usa e explica as categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección. **(CCL)**
6. Recoñece, usa e explica os elementos constitutivos da palabra. Procedementos para a formación de palabras. **(CCL)**
7. Diferencia, usa e explica os grupos de palabras (nominal, adxectivo, adverbial e verbal) e as relacións que se establecen entre os elementos que os conforman. **(CCL)**
8. Diferencia, usa e explica os elementos constitutivos da oración simple: suxeito e predicado e os complementos do predicado. Tipos de oracións. **(CCL)**
9. Coñece as orixes históricas da realidade plurilingüe do Estado español, e valora a riqueza do noso patrimonio histórico e cultural. **(CCL e CSC)**
10. Coñece os xéneros literarios e as obras e autores máis representativos da literatura española da Idade Media aos Séculos de Ouro. **(CCL e CSC)**
11. Le textos da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo. **(CCL e CSC)**
12. Consulta e utiliza fontes e recursos variados de información para a realización de traballos. **(CCL e CAA)**
13. Uso progresivo, autónomo e eficaz dos dicionarios, das bibliotecas e doutras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información. **(CCL e CAA)**

Xeografía e Historia

1. Coñece a organización política e territorial de España. **(CSC)**
2. Identifica os sectores de actividade económica. **(CSC)**
3. Realiza unha aproximación aos sistemas económicos do mundo. **(CSC)**

4. Toma conciencia do aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Valora o desenvolvemento sustentable. **(CSC)**
5. Recoñece as causas do desenvolvemento desigual no mundo e a débeda externa. **(CSC)**
6. Comprende as tensións mundiais e subdesenvolvemento e as solucións ao problema. **(CSC)**
7. Usa adecuadamente o vocabulario histórico e artístico. **(CSC e CAA)**
8. Coñece a Idade Moderna: concepto e datación. **(CSC)**
9. Recoñece o Renacemento e Humanismo: alcance posterior. **(CSC)**
10. Sabe as características do estado moderno: monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas. **(CSC)**
11. Coñece a importancia das descubertas xeográficas: Castela e Portugal; e da conquista e colonización de América. **(CSC)**
12. Toma conciencia dos conflitos europeos nos séculos XVI e XVII a través das políticas dos Austrias: reforma, contrarreforma e guerras de relixión; e da loita pola hexemonía e guerra dos Trinta Anos. **(CSC)**

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>No terceiro trimestre avaliaremos a través da corrección e valoración das tarefas entregadas polo alumnado. Terase en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ O interese en consultar o material de apoio para realizar ditas tarefas. ○ A observación das pautas indicadas pola profesora. ○ A coherencia, cohesión e gramaticalidade dos textos producidos. ○ O emprego do dicionario para consultar dúbidas léxicas, gramaticais e ortográficas. ○ A revisión e autocorrección. <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Lectura e resumo oral ou escrito de textos. ● Actividades de lectura e comprensión. ● Exercicios de ortografía. ● Actividades de repaso de morfoloxía. ● Comentario de textos (guiado). ● Exercicios de expresión escrita.

Cualificación final	<p>Para obter a cualificación final de curso partiremos da media da primeira e segunda avaliación á que se lle poderán sumar ata dous puntos polas actividades realizadas neste terceiro trimestre, que se estimará como segue:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 2 puntos: entrega todas as tarefas e están ben feitas. • 1,5 puntos: <ul style="list-style-type: none"> ○ Entrega o 75% das tarefas e están feitas con interese. ○ Ou entrega todas as tarefas e están feitas entre regular e ben. • 1 punto: <ul style="list-style-type: none"> ○ Entrega o 50% das tarefas e están ben feitas. ○ Entrega todas as tarefas e están regular. ○ Entrega o 75% das actividades e están entre regular e ben. • 0,5 puntos: <ul style="list-style-type: none"> ○ Entrega menos do 50% das actividades e están entre regular e ben. ○ Entrega todas as tarefas e están entre regular e mal. • 0 puntos: <ul style="list-style-type: none"> ○ Entrega menos do 25% das tarefas e están entre regular e mal ou non entrega nada.
Proba extraordinaria de setembro	<p>A materia a avaliar na proba extraordinaria de setembro será a correspondente ao 1º e 2º trimestre unicamente.</p> <p>Será unha proba similar ás realizadas no primeiro e segundo trimestre.</p> <p>De non poder realizarse de forma presencial realizarase de forma telemática, ben a través dun traballo, ben por medio dun exame (proporcionando os medios necesarios), que poderá ser oral ou escrito.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Non hai cambios nos criterios de avaliación.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>En PMAR, dadas as características destas ensinanzas, poderá superarse a materia pendente:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Se realiza os exercicios que se lle encomendan, os entrega en prazo e obtén unha cualificación igual ou superior a 5. • Se un alumno aproba a materia do curso superior, automaticamente lle quedará aprobada a do curso inferior.
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tarefas de reforzo e recuperación propostas para este trimestre enviadas durante o confinamento.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Son todas actividades de repaso e recuperación, decidimos non avanzar materia.</p> <p>Realizáronse actividades sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comentarios guiados de textos literarios • Repaso de Gramática (Categorías gramaticais) • Repaso de ortografía e acentuación. • Exercicios de expresión escrita: entrevista, comentario...

	<ul style="list-style-type: none"> Resumos de textos de xeografía económica e de historia.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todo o alumnado de 3º ESO está matriculado na Aula Virtual de Abalar, e dispón de algún medio para conectarse ou imprimir o material que se sobe a dita Aula Virtual ou á páxina Web do centro.</p> <p>Por iso a metodoloxía céntrase nos medios telemáticos manexados.</p> <ul style="list-style-type: none"> Apuntamentos na Aula Virtual e/ou na páxina do Centro. Entrega de actividades mediante a aplicación MOODLE e na páxina Web do Centro. Devolución das actividades corrixidas e cualificadas a través da Aula Virtual ou o correo electrónico. Resolución de calquera dúbida a través do Foro de dúbidas da Aula Virtual ou do correo electrónico.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> O libro de texto. Apuntamentos propios en PDF dispoñibles en MOODLE e na Aula Virtual. Tarefas de repaso, recuperación e ampliación confeccionadas para a súa difusión e corrección online.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A páxina Web do Centro, a Aula Virtual e o correo electrónico en caso de que fose necesario.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.